


Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000	Documento 21115I0387	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/17660/2021 03/08/2021
Código de verificación 	Expediente 211/2021/606	
1G6B 1E0V 1E0J 6J33 1CYT	Fecha 02-08-2021	

DECRETO

Visto o informe da Xefa do Departamento de Deportes que antecede o presente decreto, en uso das facultades que me confire la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, consonte coa delegación de Alcaldía, mediante Decreto 3847/2019, de data 26.06.2019, (BOP nº 124, de 03.07.2019),

RESOLVO

Único.- Modificar o decreto anotado no Libro de Resolucions de da Xunta de Goberno Local con número RES/AYT/17488/2021 o pasado 30/07/2021 por erro nas bases da convocatoria de cursos mensuais de actividades deportivas a desenvolver nas instalacións deportivas municipais durante o mes de setembro de 2021 as cales se achegan corrixidas como anexo ao presente decreto.

A Coruña, a data da sinatura deste documento.

A Concellleira de Deportes, consonte co dispositivo Terceiro, letra e) do Decreto 3847/2019 (BOP núm. 124 de 03/07/2019)

Mónica Martínez Lema

BASES REGULADORAS ACTIVIDADES PUNTUAIS DO PROGRAMA DE ESCOLAS DEPORTIVAS SETEMBRO 2021

I. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a matrícula nas actividades puntuais do programa Escolas Deportivas a desenvolver nas instalacións deportivas municipais durante o mes de **setembro de 2021**.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, poderase obter información no teléfono 981 189 800 e no de información da cidadanía 010.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

A convocatoria vai dirixida a toda a cidadanía do Concello da Coruña, atendendo as franxas de idades e número de prazas dispoñibles para cada un dos cursos ofertados, segundo se establece no cadro do **Anexo I**.

Terán preferencia as persoas solicitantes que estén empadroadas no Concello da Coruña, sen embargo, permítese que soliciten persoas que non estén empadroadas nesta cidade. Estas últimas só obterán unha praza no caso de que queden prazas libres, aínda que no sorteo público obtiveran un número mais favorable.

O Servizo Municipal de Deportes (en adiante o SMD) poderá realizar de oficio a comprobación no padrón municipal do requisito de empadramento da persoa que solicita unha praza.

Cada persoa deberá solicitar unha praza en función da súa idade. Para estes efectos tomarase como consideración a idade cumprida a 31 de decembro de 2021.

III. NORMAS XENÉRICAS E PRAZOS

Prazos do procedemento:

Presentación de solicitudes	de	2 de agosto desde as 08:00 h.ao 12 de agosto de 2021 ás 23:59 h.
Listaxe provisional		16 de agosto de 2021
Corrección de erros		16 ao 18 de agosto de 2021
Sorteo (no caso de ser necesario)		19 de agosto de 2021
Listaxe definitiva		20 de agosto de 2021
Matrículas		23 a 30 de agosto de 2021
Desenvolvemento das actividades	das	Mes de setembro

O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto.

Serán de aplicación as normas de uso das “Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades” aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

IV. PREINSCRICIÓN

Poderanse realizar as solicitudes de preinscrición do **2 de agosto ás 08:00 horas ao 12 de agosto de 2021 ás 23:59 horas**.

As solicitudes faranse polos seguintes medios:

1. A través da web www.coruna.gal/deportes, nun formulario en liña publicado ao efecto.
2. Por teléfono, a través do número 981 18 42 00, ext. 25037, onde se lle axudará cubrindo o formulario en liña. Esta extensión telefónica estará dispoñible de 08:00 a 15:00 horas, de luns a venres.

Cada persoa poderá presentar unha única solicitude de preinscrición. Dentro da solicitude poderá elixir ata un máximo de dúas opcións, por orde de preferencia. As opcións indicaranse cos códigos que se sinalan no Anexo I.

No caso de rexistrar para a mesma persoa **máis dunha solicitude**, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.

Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, se foxe o caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.

Logo de recibir todas as solicitudes, asignaráselle un número a cada unha delas por orde cronolóxico de entrada. Unha vez asignado un número á cada solicitude, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

Prazo de corrección de erros: a partir da data de publicación de listaxe provisional, abrirase un prazo para alegacións e corrección de erros, preferentemente a través do correo electrónico deportes@coruna.gal. No caso de non dispoñer dos medios necesarios, poderá realizarse presencialmente nas oficinas do SMD (situadas na Cidade Deportiva da Torre, e no Palacio de Deportes de Riazor) no horario de rexistro e atención ao público do Concello (de 08.00 a 13.30 h), para o que será **imprescindible concertar** cita previa antes de acudir a unha oficina de atención ao público.

Durante o prazo de corrección, **non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios** nos cursos ou actividades solicitadas.

Criterios de selección dos solicitantes: Terán preferencia, en primeiro lugar, as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

Naqueles cursos nos que a demanda sexa maior que a oferta, procederase a asignar as prazas a partir do número conforme ao sorteo público (o número será obtido empregando a páxina *web*: <https://echaloasuerte.com/draw/new/letter/> ou a través do procedemento de insaculación), tendo en conta a preferencia da opción solicitada

V.FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

1. Para que a matrícula sexa efectiva o alumnado deberá cubrir o formulario de matrícula que se achega e que estará colgado na páxina *web* municipal e pagar a taxa correspondente de acordo co previsto na Ordenanzas Fiscal número 15 do Concello da Coruña. Poderase realizar desde o **23 ao 30 de agosto de 2021**, acudindo a Caixa de deportes de Riazor , **con cita previa**.

2. Documentación que debe acompañarse para a matrícula: No momento de formalizar a matrícula deberáse presentar: fotocopia do DNI (desde os 14 anos); para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/titora legal. No caso de persoas suxeitas a tutela deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.

De acordo co disposto no **artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solícialos electrónicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumírase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

3. A persoa que se matricule ou, no seu caso, quen teña a súa representación legal, fará constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.

4. Coa formalización da inscrición, o alumnado comprométese a cumprir co **protocolo Covid-19** aprobado polo Concello da Coruña, así como coa normativa sanitaria

5. No caso de que as autoridades sanitarias, debido á evolución da pandemia, determinen unha redución da ratio por debaixo da porcentaxe establecida para a viabilidade do programa, o SMD resérvase a potestade de facer as modificacións necesarias ou suspendelo.

6. Lista de agarda. As prazas que queden sen cubrir no prazo de formalización da matrícula serán ocupadas segundo a listaxe de agarda, atendendo sempre aos criterios da orde de preferencia establecidos nestas bases. No caso de quedar prazas vacantes, abrirase un novo prazo, mediante a publicación de anuncio na páxina *web* da Concellaría de Deportes (www.coruna.gal/deportes), para que se poidan matricular as persoas que o desexen por rigorosa orde de chegada.

VI.PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte dos ficheiros denominados:

1. **INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**, de cuxo tratamento será responsable o Concello da Coruña e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nas mesmas e do uso de instalacións.
Por outra parte, lle informamos que os seus datos serán cedidos a aquelas entidades e/ou organizacións que se precisen para levar a cabo a tramitación da súa solicitude.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Praza de María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.



▪ FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN NOS CURSILLOS DEPORTIVOS SETEMBRO 2021
 ▪ DECLARACIÓN RESPONSABLE PROTOCOLO FRONTE Á COVID-19

Servizo Municipal de Deportes

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE									
APELIDOS:					NOME:				
DNI:		DATA NACEMENTO:			E-MAIL:				
RÚA:							N.º:		
ANDAR:		LETRA:			CÓDIGO POSTAL:				
LOCALIDADE:									
TELÉFONO 1:					TELÉFONO 2:				
DISCAPACIDADE: Tipo			GRAO:		DEPENDENTE:		SI	NON	

DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de menor ou dependente)									
APELIDOS:					NOME:				
DNI:									
AUTORIZO O/A MENOR A QUE ABANDONE SÓ/SOA A ACTIVIDADE UNHA VEZ FINALIZADA, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE							SI	NON	

PERSOA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE									
NOME E APELIDOS:					Teléfono móbil:				

ACTIVIDADE NA QUE SE INSCRIBE									
ACTIVIDADE:									

E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos os datos facilitados.
- Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para practicar a devandita actividade deportiva (Nota: o Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir o certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportunos).
- Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.
- Que accederéi á actividade coas medidas de protección esixidas e que cumprerei as normas de utilización que marca o protocolo e as directrices do persoal.
- Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que non padecín síntomas compatibles coa Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que avisarei de forma inmediata ao Servizo Municipal de Deportes se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.
- Que a pesar da existencia dun protocolo de prevención, son consciente de que sempre existe un risco de contaxio por COVID-19, produto da circulación do virus a nivel mundial.

DOCUMENTACIÓN APORTADA									
Aportou a copia do DNI á administración nos últimos 5 anos?							SI	NON	
Lugar de presentación									

AUTORIZACIÓN EXPRESA PARA USAR A IMAXE:

AUTORIZO a toma de imaxes ou gravación de vídeos, durante o desenvolvemento das actividades, onde poida aparecer de forma puntual, para que se publiquen na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio concello: **SI** / **NON**

A Coruña, de de 2021

Sinatura do/a alumno/a e no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a



ANEXO I: RELACIÓN DE ACTIVIDADES CURSOS MENSUAIS SETEMBRO 2021

IDADE	ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	INSTALACIÓN
ADULTOS +18 ANOS	01. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_LU-ME 08:00-08:45	6	SALA DE CARDIO
	02. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_MA-XO 08:00-08:45	6	SALA DE CARDIO
	03. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_VE 08:00-08:45	6	SALA DE CARDIO
	04. BADMINTON_CD RIAZOR_LU-ME 09:00-10:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
	05. BADMINTON_CD RIAZOR_MA-XO 09:00-10:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
	06. BADMINTON_CD RIAZOR_VE 09:00-10:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
	07. BADMINTON_CD TORRE_LU-ME 19:30-20:30	6	FRONTÓN TORRE
	08. BADMINTON_CD TORRE_MA-XO 19:30-20:30	6	FRONTÓN TORRE
	09. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_LU-ME 09:00-10:00	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	10. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_LU-ME 10:00-11:00	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	11. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_LU-ME 11:00-12:00	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	12. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_LU-ME 20:30-21:30	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	13. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_MA-XO 10:00-11:00	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	14. PÁDEL INICIACIÓN_CD TORRE_MA-XO 11:00-12:00	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	15. PÁDEL PERFECCIONAMIENTO_CD TORRE_MA-XO 09:00-10:00*	6	PISTAS PÁDEL TORRE
	16. PÁDEL PERFECCIONAMIENTO_CD TORRE_MA-XO 20:30-21:30*	6	PISTAS PÁDEL TORRE
MAIORES PREFERENTE +60 ANOS	17. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_LU-ME 11:15-12:00	6	SALA DE CARDIO
	18. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_MA-XO 11:15-12:00	6	SALA DE CARDIO
	19. COSTAS SÁS_CD RIAZOR_VE 11:15-12:00	6	SALA DE CARDIO
	20. BADMINTON/CACHIBOL/XOGOS ALTERNATIVOS_CD RIAZOR_LU-ME 10:00-11:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
	21. BADMINTON/CACHIBOL/XOGOS ALTERNATIVOS_CD RIAZOR_MA-XO 10:00-11:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
	22. BADMINTON/CACHIBOL/XOGOS ALTERNATIVOS_CD RIAZOR_VE 10:00-11:00	6	FRONTÓN RIAZOR ¹
MENORES 6-11 ANOS	23. XIMNKANAS/CARREIRAS ORIENTACIÓN_CD RIAZOR_MA 17:30-19:00	6	FRONTÓN RIAZOR + EXT
	24. XIMNKANAS/CARREIRAS ORIENTACIÓN_CD RIAZOR_ME 17:30-19:00	6	FRONTÓN RIAZOR + EXT
	25. XIMNKANAS/CARREIRAS ORIENTACIÓN_CD RIAZOR_XO 17:30-19:00	6	FRONTÓN RIAZOR + EXT
MENORES 12-17 ANOS	26. XORNADA DEPORTIVA_CD RIAZOR_LU 17:00-18:00	6	FRONTÓN RIAZOR
	27. XORNADA DEPORTIVA_CD RIAZOR_LU 18:00-19:00	6	FRONTÓN RIAZOR
	28. XORNADA DEPORTIVA_CD RIAZOR_VE 17:00-18:00	6	FRONTÓN RIAZOR
	29. XORNADA DEPORTIVA_CD RIAZOR_VE 18:00-19:00	6	FRONTÓN RIAZOR

* Requisito: ter realizado algún curso de iniciación con aproveitamento.

¹ Os días 1, 2 e 3 de setembro as actividades indicadas no Frontón de Riazor en horario de mañana, desenvolveranse na Polideportiva nº 1 de Riazor.